

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

PROXECTO LECTOR E DE BIBLIOTECA



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.	3
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN.	4
3. OBXECTIVOS E COMPROMISOS.	7
4. ORGANIZACIÓN: RESPONSABLES E ACTUACIÓNS XENÉRICAS NO REFERENTE AO PROXECTO LECTOR.	8
5. DESTINATARIOS DO PLAN LECTOR.	10
6. METODOLOXÍA: ÁMBITOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS.	11
7. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS. CREACIÓN DE AMBIENTES LECTORES.	13
8. INTERVENCIÓNS QUE CÓMPRE SISTEMATIZAR.	18
9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO.	20

1. INTRODUCCIÓN.

A comprensión lectora está considerada como unha competencia clave, unha ferramenta indispensable para a adquisición de novas aprendizaxes e para o desenvolvemento persoal do alumnado. Resulta por iso imprescindible que o noso centro potencie ao máximo o hábito lector en todo o alumnado coa finalidade da adquisición de estratexias, habilidades e actitudes que o convertan nun lector competente, nun lector que se achegue á lectura non só por ser unha obriga que se lle impón dende o centro educativo senón porque a perciba como unha actividade lúdica, satisfactoria e interesante. Pretendemos igualmente, a través deste proxecto, achegar a lectura ás familias e a toda a comunidade educativa en xeral.

Debemos así mesmo atender ás esixencias legais para dar cumprimento ao artigo 38 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia “*Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave*”.

O deber dos centros educativos é proporcionar un ensino eficiente tanto na lectura como na escritura, unha lectura comprensiva para ler o mundo e apropiarse da linguaxe, ademais deberá ser unha lectura como actividade emancipadora e vital que incentive a intelixencia. A transversalidade da lectura fai necesario que os centros intenten facultar ao alumnado nas capacidades para informarse, indagar, avaliar opinións, argumentar, xustificar propostas persoais, etc.

Vémonos pois na necesidade de comprometernos a iniciar unha serie de actuacións que nos permitan analizar as accións levadas a cabo en períodos anteriores e descubrir novas estratexias que nos acheguen a un fomento da lectura realmente efectivo. Con este Proxecto Lector que afectará a todos os niveis do ensino obrigatorio tentamos:

- Conseguir que o alumnado, ao remate dos seus estudos e con relación á súa idade, posúa as competencias lingüísticas necesarias para o seu desenvolvemento persoal e profesional.
- Garantir un bo funcionamento da Biblioteca Escolar que integrará todas as intervencións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas, así como da adquisición das competencias básicas.
- Fomentar o hábito lector dun xeito tal que o alumnado considere a práctica lectora como unha actividade lúdica e non unha obriga.

- Integrar a todo o profesorado, todas as áreas e ciclos no seu deseño e desenvolvemento estando integradas nas diferentes programacións didácticas aquelas actividades previstas ao longo do curso escolar en relación ao fomento da lectura e escritura.
- Coordinar o proxecto a través da persoa dinamizadora da Biblioteca Escolar, sendo este espazo un recurso fundamental para a súa posta en marcha. A Biblioteca Escolar apoiará as actividades do proxecto lector impulsadas polos equipos directivos e levadas a cabo polo profesorado das distintas áreas.

A elaboración do Proxecto Lector está promovida polo Equipo Directivo, participando todo o profesorado a través dos diferentes equipos, podendo recibir propostas da comunidade educativa a través dos representantes no Consello Escolar. Será a referencia para elaborar o Plan Anual de Lectura que se incorporará cada ano á Programación Xeral Anual.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN.

A análise dos logros e das posibles problemáticas xurdidas nos últimos anos permitiranos visualizar a realidade da que partimos, para poder así mellorar a situación actual no que ao fomento da lectura se refire, tentando sempre involucrar ás familias e a toda a comunidade educativa en xeral. Espertar o gusto pola lectura é unha obriga de todas as persoas que temos responsabilidades en educación e debe ser tamén un obxectivo transversal de todas as áreas do currículo. A análise lévase a cabo desde distintas perspectivas:

En relación ás prácticas de lectura e escritura do alumnado.

Analizando a realidade do noso centro, podemos observar que habitualmente o profesorado manifesta, xeralmente nas reunións de coordinación e sesións de avaliación, que perciben no alumnado certas dificultades en relación coa lectura e escritura:

- Dificultades á hora de ler en voz alta.
- Problemas de comprensión lectora.
- Deficiencias na expresión oral e escrita. En moitas ocasións só reparamos nas dificultades de expresión na linguaxe escrita, pero na maioría dos casos eses problemas na comunicación oral e na escrita van emparellados polo que será preciso admitir esa deficiencia para afrontar cambios que leven ao alumnado ao progreso neste ámbito.
- Carencia de vocabulario.
- Falta de motivación do alumnado ante a lectura, pouco hábito lector na maioría dos casos.
- Dificultades para resumir textos e sintetizar a información
- Problemas para elaborar esquemas.
- Dificultades para relacionar e analizar textos de diferentes ámbitos e modalidades.

- Deficiencias na elaboración de opinións críticas sobre os textos.
- Sobreabundancia de información e dificultade para distinguir o que é realmente relevante do que simplemente é accesorio. Tamén para diferenciar a fiabilidade da información ou como procesala e organizala.

Identificación de logros e dificultades.

O desenvolvemento da competencia lectoescritora foi sempre un obxectivo primordial no IES Cabo Ortegal, o que nos levou a unha situación en parte satisfactoria pero que ao mesmo tempo tropeza con certos atrancos que debemos salvar. A localización xeográfica do noso centro dificulta a posibilidade de ter un claustro estable e un equipo de biblioteca que se manteña duradeiro no tempo. Este feito supón que, aínda que tentamos esforzarnos para levar a cabo actividades encamiñadas a mellorar todo o proceso de lectoescritura, se produzan moitos cambios na maneira de encamiñar o tratamento do estímulo da lectura e do funcionamento da Biblioteca Escolar.

O equipo de biblioteca no curso 2019-2020 conta cunha renovación total dos seus membros, o que implica unha necesidade de actualización tanto na forma de traballar como no referente á formación do equipo, tal e como se especifica nun punto posterior.

Tentarase implicar ás familias no apoio á lectura, e concienciar a todo o profesorado da necesidade dunha correcta coordinación na hora de ler, que permita un óptimo desenvolvemento da mesma. É frecuente pensar que a lectura e a escritura son actividades que afectan, e polo tanto deben potenciar, as áreas relacionadas coas linguas; este é outro aspecto sobre o que debemos reflexionar e traballar, dado que non podemos esquecer a estreita relación que existe entre ler e outros procesos máis complexos que posibilitan o desenvolvemento das competencias para adquisición das distintas aprendizaxes.

Outra dificultade que detectamos está relacionada coa intención de espertar no noso alumnado o pracer pola lectura. Unha gran parte dos estudantes considéranla unha obriga que se lles impón dende as aula e non toman conciencia do seu valor. Será preciso traballar para transmitir a lectura como pracer, integrándoa en situacións agradables, dentro e fóra da aula, coa finalidade de reverter esta tendencia.

Análise das metodoloxías empregadas nos últimos anos.

As metodoloxías empregadas nos últimos anos en relación ao fomento da lectura baseáronse principalmente en dous tipos de accións: a lectura obrigatoria en diferentes áreas lingüísticas como complemento do currículo e avaliábel mediante traballos e/ou controis, e a lectura como pracer dentro da “hora de ler” e que afecta a toda a ESO mediante unha hora semanal que se vai rotando tal e como se explica no apartado 7 deste documento.

Así mesmo, dende o departamento de biblioteca, leváronse a cabo nos últimos anos outras actividades como: o club de lectura (optativo e fóra do horario lectivo) e a inclusión da materia de libre configuración “Investigación e Tratamento da Información”.

Recursos materiais e humanos: situación da Biblioteca Escolar e outros recursos.

O centro conta cunha biblioteca situada na planta baixa, próxima á entrada principal.

Dende a participación do centro no PLAMBE, na súa primeira convocatoria, foise renovando o mobiliario e material informático, contando con diferentes ambientes: zona de xogos, zona de lectura, zona de ordenadores e mesa de empréstito e devolucions. Dispónse ademais dun proxector e dunha pantalla, polo que pode ser utilizada tamén como sala de audiovisuais.

De todos formas, moitos materiais vanse deteriorando ou quedando obsoletos, o que implica a necesidade de comezar a renovar parte deste material e de iniciar a reestruturación dalgunhas zonas da Biblioteca. Do mesmo xeito, outro dos obxectivos da Biblioteca Escolar este ano é transcender da propia sala adicada para tal fin e establecer zonas de lectura informal polo instituto e realizar actividades que se desenvolvan máis alá dos nosos muros.

No que á renovación dos fondos se refire, a actualización foise producindo grazas á participación no PLAMBE, ás aportacións da Consellería de Educación e polas compras dos diferentes departamentos. Consideramos que os fondos están debidamente actualizados, contando cunha ampla variade. Todos eles están xestionados a través do programa Meiga.

Debemos ter en conta que é fundamental a selección e a compra de libros pero tamén é imprescindible o expurgo para eliminar aqueles materiais que deixan de ser útiles por diferentes motivos. O expurgo forma parte do ciclo de traballo da biblioteca e deberase ter presente cada ano para realizalo de xeito planificado e eficaz.

Necesidades de formación do profesorado.

Dado que no curso académico 2019-2020 a coordinadora e o resto do equipo de biblioteca é totalmente novo, tentárase participar nos vindeiros cursos no Plan de Formación Permanente do Profesorado, dentro da liña de biblioteca e da liña relacionada co proxecto lingüístico, que permita unha correcta catalogación dos fondos, unha boa xestión e dinamización da biblioteca e a revisión do Proxecto Lingüístico do centro.

Sería recomendable poñer en marcha nos vindeiros anos algún tipo de formación colectiva do profesorado que nos capacitase para levar a cabo unha revisión efectiva das nosas metodoloxías e que nos permitise incorporar novas prácticas en relación co fomento da lectura e da escritura.

3. OBXECTIVOS E COMPROMISOS.

Este Proxecto Lector responde aos obxectivos establecidos para integrar todas aquelas actuacións dirixidas a fomentar a lectura, a escritura e as habilidades informativas tendo en conta que todas elas resultan fundamentais para o proceso de adquisición do coñecemento e o desenvolvemento das competencias básicas. A finalidade é axudar ao alumnado a acadar un nivel de competencias que facilite a súa formación e a educación integral. Partimos do xa feito en todos os ámbitos para o fomento da lectura e escritura, tendo en conta as propostas dos diferentes departamentos.

A primeira responsabilidade como centro educativo é formar lectores competentes que contén cos mecanismos necesarios para entender o que se le, se escoita e se escribe na aula. A lectura comprensiva é a base necesaria para acadar os coñecementos en todas as materias, polo que o obxectivo común de todo o profesorado será o desenvolvemento da competencia textual, garantindo que os estudantes comprendan o que len e sexan capaces de expresalo de xeito oral ou escrito.

En canto á competencia en comunicación lingüística (CCL), a biblioteca é un lugar clave en canto a que é un entorno de aprendizaxe que facilita recursos de información e lectura a toda a comunidade educativa. O alumnado ha de ser quen de tratar e interpretar a información e comprender as diversas mensaxes.

Os **obxectivos** que nos propoñemos alcanzar son os seguintes:

- Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do currículo.
- Fomentar a lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes e con todo tipo de finalidades.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito tanto no ámbito escolar como no extraescolar.
- Coordinar os tempos e os espazos de lectura.
- Promover campañas para que se cree un ambiente favorable para a lectura no centro, así como para o gusto por ela.
- Potenciar o uso das Bibliotecas de Aula e da biblioteca do centro, tanto na lectura como na procura de información.
- Integrar as TIC, xa que son instrumentos básicos para poder acceder á lectura noutro tipo de soporte que non sexa o papel. Polo tanto tentarase mellorar o uso das tecnoloxías da información e a comunicación de forma que os alumnos aprendan a utilizalas e a analizar a información que se obtén delas de forma crítica.

- Crear e mellorar os espazos destinados á lectura dentro do centro e dentro da práctica docente coa mellora da Biblioteca, tanto a nivel de fondos como da situación destes para facelos mais accesibles ao alumnado.
- Promover os Clubs de Lectura, xa que neles practícase a reflexión e xérase opinión e conversación.
- Crear e mellorar os tempos destinados á lectura no centro mediante a apertura da Biblioteca en horario extraescolar.
- Tentar incluír e sensibilizar ás familias como parte fundamental neste proceso.

Estes obxectivos serán comúns para todas as áreas, e para facilitar a súa consecución adquiriranse os seguintes **compromisos**:

- As programacións didácticas incluírán a lectura como elemento transversal clave para o desenvolvemento das materias.
- O fomento da lectura é responsabilidade de todo o profesorado, e non só do das áreas lingüísticas
- O Equipo Directivo impulsará na medida do posible, todos aqueles recursos humanos e materiais necesarios que posibiliten o fomento da lectura e o desenvolvemento das diferentes actividades da Biblioteca e escolar.
- O/a coordinador/a deste Proxecto será preferentemente a/o coordinador/a da Biblioteca Escolar.
- O profesorado respectará a hora de ler establecida no centro.
- Utilizaranse os recursos e fondos da Biblioteca Escolar e contribuirase á súa actualización.
-

4. ORGANIZACIÓN: RESPONSABLES E ACTUACIÓNS XENÉRICAS NO REFERENTE AO PROXECTO LECTOR

O equipo de biblioteca.

- Coordinación do Proxecto e Plan lector.
- Organización e xestión dos fondos documentais, tanto da biblioteca como das bibliotecas de aula.
- Optimización dos recursos existentes na biblioteca tanto documentais como tecnolóxicos e ludoeducativos, aumentando a súa proxección e publicidade.
- Dinamización das actividades relacionadas con este Proxecto Lector que anualmente se concretarán no Plan Anual de Lectura: campañas de fomento da lectura, conferencias, recitais, obradoiros, exposicións...

- Promoción da integración da lectura e o uso da biblioteca no currículo, en colaboración cos diferentes departamentos e o equipo de dinamización da lingua galega.
- Ampliación do espazo da biblioteca facéndoa máis presente no espazo dixital e nas redes sociais.
- Formación de usuarios.
- Coordinación e avaliación da hora de ler.
- Impulso do voluntariado da biblioteca para que o alumnado sexa partícipe do seu funcionamento.
- Elaboración de recomendacións de lecturas para períodos de vacacións e boletíns temáticos.
- Estímulo das interaccións con outras bibliotecas escolares e coa biblioteca municipal.

O equipo directivo.

- Organización de horarios que favorezan unha correcta xestión da Biblioteca Escolar.
- Impulso á hora de ler, poñendo os medios e recursos necesarios para un correcto desenvolvemento.
- Soporte ás actividades de animación á lectura deseñadas dende a biblioteca ou dende calquera outro ámbito.
- Promoción, cando corresponda, da reflexión e a discusión dos temas relacionados co plan lector (CCP, Departamentos, Claustro, consello Escolar...).
- Coidado e atención do cumprimento dos acordos tomados e derivados da reflexión conxunta dos diferentes órganos.
- Apoio co orzamento necesario para un óptimo funcionamento da biblioteca, así como para o desenvolvemento das actividades propostas.

A CCP.

- Reflexión e discusión sobre as estratexias, medios e prazos a seguir para fomentar a lectura no alumnado.
- Avaliación do Proxecto Lector e do Plan Anual de Lectura.

O profesorado titor e o Departamento de Orientación.

- Aproveitamento dos recursos textuais e fondos da biblioteca que permitan tratar e traballar os temas no ámbito do Plan de Acción Titorial.
- Fomento e promoción do hábito lector nas sesións de tutoría.
- Ensino de pautas que permitan mellorar en todos aqueles aspectos relacionados coas competencias da información.

Os Departamentos Didácticos.

- Inclusión nas Programacións Didácticas das competencias básicas da información e da comunicación así como o tratamento que se dará á lectura coa concreción dos tempos dedicados a cada nivel xunto cos seus instrumentos de avaliación.
- Deseño de propostas de traballo colaborativo e interdisciplinar que poñan en práctica o desenvolvemento da competencia informacional.

O profesorado.

- Colaboración no correcto funcionamento da hora de ler, seguindo as instrucións que figuran neste proxecto e as que se puidesen facilitar dende a biblioteca escolar.
- Emprego da Biblioteca Escolar como unha extensión da aula para levar a cabo traballos de investigación, educación mediática e informacional, presentación de traballos, etc.
- Participación nas actividades de animación á lectura organizadas dende diferentes ámbitos: biblioteca, actividades extraescolares, departamentos didácticos, Orientación...

5. DESTINATARIOS.

O alumnado.

O alumnado é o principal destinatario deste Proxecto Lector, o cal permitirá formar lectores e formar individuos.

a) **FORMAR LECTORES** en tres ámbitos:

- Competentes: lectores que empreguen os coñecementos previos para darlle sentido á lectura, distinguindo o importante do que non o é en función da finalidade da lectura e capaces de formularse preguntas sobre o lido. En definitiva, alumnado que sexa capaz de descodificar calquera tipo de texto, interpretalo, extraer información e producir opinións sobre o mesmo.
- Autónomos: lectores capaces non só de ler o que se lles ofrece, senón de tomar decisións en función das súas preferencias.
- Polivalentes: lectores capacitados para enfrontarse a diversos tipos de textos e en diversos formatos.

b) **FORMAR INDIVIDUOS** críticos capaces de reflexionar sobre os seus propios razoamentos, desenvolvendo neles as diferentes competencias clave: comunicación lingüística, tratamento da información, competencia dixital, competencia social e cidadá, cultural e artística, autonomía e iniciativa persoal...

O profesorado.

O profesorado é o destinatario deste Proxecto Lector como responsable da execución dos obxectivos marcados, servíndolle de guía no marco da súa acción educativa e de referente fundamental en canto aos obxectivos, prazos e acordos en materia do fomento da lectura.

As familias.

As familias atoparán neste Proxecto Lector o documento no que se reflicte o conxunto de medidas orientadas a mellorar e estimular o hábito lector, así como a comprensión e expresión das/dos súas/seus fillas/fillos. Tentaremos a súa implicación en todas esas medidas, de xeito que a lectura sexa unha actividade na que se involucren contribuíndo á súa promoción dende a casa, como fonte de pracer e desenvolvemento persoal.

6. METODOLOXÍA: ÁMBITOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS.

As principais actuacións previstas e que posibilitarán cumprir cos obxectivos marcados son:

En relación ao desenvolvemento do hábito lector.

- Elección dun tema que sirva como fio condutor e exposición de títulos relacionados para fomentar tamén o empréstito.
- Implicación no Club de Lectura.
- Fomento e impulso da Hora de ler.
- Recomendacións de lecturas periódicas. Elaboración de guías de lectura ou listaxes de libros relacionados cunha data, un tema ou algunha conmemoración.
- Estímulo das lecturas compartidas que consigan xerar diálogo e contacto entre o profesorado e o alumnado.
- Desenvolvemento de sesións de presentación de lecturas para provocar e motivar ao alumnado cara a títulos que lles poidan resultar atractivos. Pódense presentar novidades, libros dun autor ou obras relacionadas con temas de interese.
- Visitas de autores, xornalistas, ilustradores...
- Impulso da lectura dende a oralidade: recitais, proxeccións de audiovisuais, narracións orais, etc.

En relación ao desenvolvemento da competencia lectora e escritora.

- Coordinación, colaboración e implicación dos diferentes departamentos. Inclusión en todas as materias a lectura de textos en diversos soportes.

- Fomento da lectura previa dos enunciados de actividades, exames, exercicios..., que permita unha mellor comprensión dos mesmos.
- Lecturas en voz alta nas clases. Lecturas comentadas, subliñado, determinación da idea principal, expresións de conceptos con outras palabras, elaboración de vocabularios, esquemas sinxelos, elaboración de apuntes de forma lóxica e reflexiva, etc.
- Potenciar o uso do dicionario e a realización de esquemas e resumos.
- Fomento o uso dunha caligrafía coidada e explicación de pautas para unha presentación correcta no que respecta á orde e a limpeza.
- Tentar diversificar o material didáctico e incorporar as TIC no proceso de ensino e aprendizaxe.
- Difusión de materiais culturais e de libros en liña das diferentes materias así como os recursos da Xunta e dos outros blogs de bibliotecas escolares a través das nosas redes.
- Favorecer a creación literaria espontánea e creativa do alumnado.

En relación á educación documental e ás habilidades informacionais.

- Potenciar a realización de traballos de carácter interdisciplinar, partindo dun tema común e empregando variadas fontes impresas e dixitais e seleccionando de forma crítica a información aportada, na que participen varios departamentos a través de diversas materias e niveis de alumnado, co obxectivo de realizar un traballo conxunto que implique a todo o centro.
- Potenciar a busca de información en varias fontes (biblioteca pública, escolar, medios de comunicación, etc.).
- Impulsar a realización de exposicións orais e escritas propias.
- Conseguir melloras significativas na comprensión, utilización e avaliación crítica das diferentes formas de información.
- Propoñer traballos de investigación que permitan poñer en práctica unha serie de habilidades como a selección de información, a síntese, a produción de textos, a exposición oral en público, a presentación de información con apoio visual e gráfico, etc.

En coordinación cos Departamentos Didácticos.

- Realización de concursos literarios para o alumnado incentivándoos a través dos premios e da dinámica dos concursos.
- Impulsar a consulta dos fondos de biblioteca a través do manexo do Programa Meiga.
- Exposicións de novidades e libros de lectura xuvenil de diversa temática.
- Implicar ao claustro nos traballos que se desenvolven na biblioteca, tanto como colaboradores como participantes nas actividades.

- Realización de actividades relacionadas coas diversas conmemoracións ao longo do ano: *Samaiñ, Nadal, Letras Galegas, Semana da Ciencia, Día da Filosofía, Día internacional da muller, Día do Libro, Día de Rosalía, etc.*

En relación á organización da biblioteca escolar.

- Seguir participando no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares convocado pola Xunta, asistindo ás reunións convocadas por Bibliotecas de Galicia, como forma de actualización permanente do equipo da biblioteca.
- Formación de usuarios entre o alumnado.
- Mellora da situación e da organización dos libros.
- Continuar coa depuración da base de datos de rexistros e dos fondos inservibles.
- Habilitación de varios espazos: traballo individual, traballo colectivo, lectura por pracer...
- Ampliación de espazos de lectura informal polo centro.
- Ampliación dos fondos de libros e audiovisuais.
- Avanzar na consecución dunha biblioteca escolar inclusiva.
- Mellora da dotación das bibliotecas de aula en todos os niveis da ESO, así como das bibliotecas de aula coas que contan os departamentos que teñen aulas específicas, mercando libros a cargo da biblioteca e dos diferentes Departamentos.
- Elaboración no centro dunha listaxe de obras recomendadas para as diversas materias que compoñen o currículo.
- Dotación de revistas culturais e científicas.
- Traballar coa radio coa intención de volver a solicitar cara o ano próximo a inclusión no programa da Xunta, Radio na biblio.
- Dinamizar a Biblioteca a través das redes sociais (blog, Twitter e Instagram).

7. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS. CREACIÓN DE AMBIENTES LECTORES.

A Biblioteca Escolar.

Tal e como se indicou ao inicio deste documento, o centro conta cunha biblioteca situada na planta baixa, próxima á entrada principal e con acceso ao vestíbulo, contando esta con luz natural en toda a estancia.

En canto a organización dos espazos e tempos da lectura encamiñanse a considerar esta como fonte de pracer, de aí que se fagan esforzos por procurar tempos, espazos e ambientes para a lectura na que o alumnado poida ler obras segundo as súas demandas persoais. Deste xeito, o obxectivo é acadar un tempo de lectura libre en todos os cursos da ESO e en todas as materias, en

función da súa carga horaria. Asemade, tentarase ampliar este tempo noutras horas como as de titoría ou as gardas. De igual forma, o equipo da biblioteca procurará a dinamización doutros espazos do centro como os corredores ou a entrada, dotándoos de mobiliario e recursos para a lectura, co obxectivo de que esta se propague por todo o centro escolar.

O horario da biblioteca tentará ser o máis amplo posible dentro das posibilidades organizativas do centro.

As normas de uso da BE é comunicada a principio de curso polos titores e exposta en cada aula e no propio espazo da BE.

O Equipo de Biblioteca Escolar.

A biblioteca contará coa figura do/a *profesor/a responsable da biblioteca* que ten un labor non só técnico senón tamén pedagóxico, ofrecendo ao alumnado todas as oportunidades para o uso axeitado das fontes de información e o acceso á lectura como forma de lecer e medio de enriquecemento persoal.

Tamén existirá un *equipo de apoio da biblioteca* formado por profesorado de diferentes departamentos que traballará en coordinación co/a responsable da biblioteca para conseguir os obxectivos fixados neste proxecto. Tanto o/a responsable como o equipo terán dedicación horaria para desempeñar o seu labor e permitir que a biblioteca estea aberta o máximo de períodos lectivos posibles. Os membros deste equipo terán unha hora de reunión para coordinar os traballos e a organización da biblioteca escolar.

Actividades da Biblioteca.

A biblioteca apoiará as actividades deste Proxecto Lector, así como todas aquelas actividades encamiñadas a unha dinamización cultural en colaboración cos diferentes Departamentos Didácticos, e porá a disposición da comunidade educativa tanto os seus fondos, como o seu espazo e a súa colaboración para que a realización das diferentes actividades se leven a cabo dun xeito eficaz e programado.

Ademais de axudar, apoiar e coordinar as diferentes áreas, a Biblioteca levará a cabo accións que permitan acadar os obxectivos deste proxecto, e que virán reflectidas no Plan Anual de Lectura. Dunha forma xeral coordinará as seguintes actividades:

- Xestión e renovación dos fondos da biblioteca.
- Actividades de formación de usuarios.
- Actividades de animación á lectura.
- Informacións periódica sobre os novos fondos adquiridos.
- Coordinación e fomento da participación nos clubs de lectura.

- Coordinación e estímulo da hora de ler.
- Conmemoracións daquelas datas ou festividades relacionadas coa lectura, escritura e cultura en xeral.

As bibliotecas de aula.

En todas as aulas da ESO existe a biblioteca de aula. Estes espazos enténdense como seccións da biblioteca, xa que os seus fondos son aportados por esta e poden ser empregados polos alumnos na propia aula, emprestados e sobre todo serán moi útiles para levar a cabo a *Hora de ler*.

Os titores serán os encargados de controlar o bo uso e os movementos dos documentos.

O equipo de biblioteca ocuparase de que os libros que están presentes nas bibliotecas de aula sexan axeitados aos intereses e características do alumnado.

As bibliotecas de aula non só estarán compostas por libros de ficción, senón tamén por documentos de consulta como dicionarios. En relación con estes espazos, buscarase:

- Mellora da dotación dos seus fondos en todos os niveis.
- Revisión dos libros de todas as bibliotecas de aula.
- Elaboración dunha listaxe de libros de lectura recomendados para as materias que compoñen o currículo.
- Fomento do seu uso, principalmente orientado á hora de ler.
- Actualización dos fondos segundo os intereses do alumnado.

A hora de ler.

Esta actividade pretende espertar o interese pola lectura e realizarse no centro en todos os grupos de ESO, sendo as súas normas e distribución as que se reflicten a continuación.

- Cada semana lerase nas horas que correspondan segundo unha táboa que estará exposta nas portas de cada aula e que se remitirá por correo electrónico a todo o profesorado.
- Dende o momento no que comece, levarase a cabo na primeira semana durante a primeira hora, na segunda semana durante a segunda hora e así, sucesivamente.
- Dedicarase á lectura entre 15 e 30 minutos de cada clase, sendo esta individual e desenvolvéndose de xeito silencioso.
- A lectura neses períodos será obrigatoria para todo o alumnado, salvo que coincidise cun exame.
- Os alumnos poderán traer os libros da casa, collelos na biblioteca de aula ou na biblioteca do centro, optar pola lectura do xornal do día e/ou revistas de contido educativo e cultural. Cando a/o alumna/o opte por traer a lectura da casa, esta deberá ser apropiada á súa idade e ao lugar no que se desenvolve esta actividade, é dicir, ao centro educativo.

- Tendo en conta que o IES Cabo Ortegal é un centro Edixgal en 1º e 2º da ESO, a hora de ler poderá desenvolverse a través dos dispositivos electrónicos, sempre utilizándoos para este fin, pois en caso contrario retiraráselle e deberá continuar a lectura en formato papel.
- Cada docente pode levar a cabo esta actividade como crea conveniente en relación coa súa materia, podendo propoñer lecturas en relación aos contidos da materia que imparte cada docente.
- Recoméndase facer unha comprensión do texto lido para mellorar a competencia lectora e a comprensión.
- Ao longo do curso, dende a biblioteca recordarase todas as semanas esta actividade para que todos os docentes participen nela. No último trimestre pasarase unha enquisa entre os estudantes para avaliar o desenvolvemento desta actividade.

Os Clubs de Lectura.

Tentarase participar nos clubs de lectura que anualmente convoca a Consellería de Educación.

Os diferentes grupos do club de lectura que se poidan formar, pretenden, partindo dende as contornas, vivencias e demandas dos participantes, crear lectores convencidos e competentes, activos e participativos, que reinterpreten as novas sociedades dixitais e da información, dende toda a súa experiencia lectora, e as habilidades desenvolvidas con elas. Non podemos obviar a influencia de Internet, e as novas formas de soporte lector.

En colaboración coa Biblioteca e coa participación da comunicade educativa, procuraremos formar lectoras e lectores competentes e crear e consolidar o hábito de lectura coma unha necesidade lúdica e medio de desenvolvemento persoal e social.

Tanto na selección de lecturas coma na metodoloxía e desenvolvemento, o proceso nítrese dunha retroalimentación, polo que os encontros son dinámicos e participativos, partindo das demandas, inquedanzas, intereses e gustos do alumnado.

Os lugares de encontro son, xunto coa biblioteca, a aula de usos múltiples ou outra aula do centro. Estas aulas están equipadas con ordenadores, acceso a Internet, DVD, canóns de proxección, obras de consulta, etc. As reunións serán quincenais e terán lugar nos recreos.

Estes clubs basearase nas seguintes propostas:

- ✓ Dinamizacións e propostas de actividades vinculadas ás lecturas: actividades de achega aos libros e á súa temática para favorecer o inicio lector.
- ✓ Lecturas compartidas nos encontros. Grupos de debate e opinión. Encontros con algúns escritores.

- ✓ Elaboración de actividades escritas e recreacións plásticas e visuais, que favorecen a visualización da obra, e unha posibilidade de compartir o que se fai co resto da comunidade.
- ✓ Reinterpretación e extrapolación das temáticas expostas cara o seu entorno e vivencias.
- ✓ Descubrimento e achega ás sociedades, pensamentos e culturas que contextualizan as lecturas.
- ✓ Reflexións e revisións críticas das actitudes, pensamentos expostos nas obras.
- ✓ Acceso a páxinas webs, foros e blogs vinculados ás lecturas. Nos blogs atoparán un lugar de intercambio de opinións da experiencia lectora, fóra do seu entorno inmediato.
- ✓ Visionado de fragmentos dalgunhas películas ou series, das obras que teñan versión cinematográfica ou televisiva.

Préstamos ás familias do alumnado.

As/os nais/pais poderán solicitar o préstamo de fondos da biblioteca, rexéndose estes polas mesmas normas que o préstamo do alumnado, non podendo exceder o número de exemplares prestados á vez, de tres por familia.

Formación de usuarios de biblioteca.

A formación de usuarios de biblioteca como motivación e adaptación ao espazo resúltanos primordial. Esta formación virá enmarcada dentro do programa “Voluntariado na Biblioteca Escolar” dentro do programa “Bibliotecas Solidarias” que todos os anos convoca a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Deste xeito, o alumnado implicarase na súa xestión, e realizarán actividades de formación ao comezo do curso para familiarizarse co manexo do programa de xestión. Asinarase un compromiso co alumnado voluntario e deseñarase un elemento identificativo para que os usuarios os recoñezan cando están a realizar as súas funcións no recreo.

Investigación e Tratamento da Información.

A materia de libre configuración *Investigación e tratamento da información* que se imparte en 1º ESO e de elección opcional para o alumnado, tamén ten entre os seus obxectivos formar aos estudantes no coñecemento e o uso da biblioteca, así como mellorar as competencias informacionais do alumnado.

Conmemoración de datas sinaladas.

O centro participará con actividades nas diferentes datas sinaladas que ao longo dun curso escolar se celebran, destacando en relación ao Proxecto lector as seguintes: día das escritoras, día da biblioteca, mes da ciencia, día da Filosofía, día internacional contra a violencia de xénero, día da paz e non violencia, día internacional da radio, día dos namorados, día de Rosalía, día internacional da muller, semana da prensa, día do teatro, día internacional do libro infantil e xuvenil, día

internacional do libro, día internacional contra o acoso escolar, día das letras galegas e día internacional do orgullo LXTBI.

8. INTERVENCIONS QUE CÓMPRE SISTEMATIZAR.

Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.

Podería ser recomendable utilizar este tipo de estratexias en todas as áreas do currículo, pois o acto de ler non cambia cando se le un texto dunha materia en particular. Diferentes estratexias recomendadas neste sentido poderían ser:

- *Reler o texto*: volver a ler un texto é unha das mellores opcións para poder afondar máis e darse conta daqueles detalles que nun primeiro momento se puideron pasar por alto e que cunha segunda lectura poderán ser máis obvios.
- *Ler entre liñas*: cando ao ler o alumnado ten un problema con algunha palabra ou frase, deberán fixarse nas partes do texto que a rodean para poder contextualizala.
- *Facer resúmenes e/ou tomar apuntes*: reunir os datos ou ideas máis importantes da lectura (personaxes, o motivo, os datos, os resultados, o que se pide...) pode servir de gran axuda á hora de comprender mellor o texto.
- *Visualizar*: o crear imaxes propias de aquilo que se está a ler axudaranos a comprender moito mellor un texto.
- *Avaliar o lido*: resulta sempre importante ser consciente de todo aquilo que non quedou de todo claro pois así sempre se estará a tempo de corrixilo.
- *Saber parar*: cando algo non quedou claro durante a lectura, débese parar e reler iso que non se comprende, e se aínda así persistise a dúbida deberase pedir axuda a alguén que si entendese o contido do texto.
- *Axustar o ritmo de lectura*: no comezo da lectura é moi probable comezar moito máis rápido que conforme se avance no texto, polo que é recomendable ler pausadamente, a comprensión é moito máis importante que a velocidade.
- *Para, resume e pregunta*: unha vez rematada a lectura, reflexionar sobre o lido, facer un pequeno resumo e finalmente formular unha serie de preguntas en relación ao argumento ou tema tratado, será de gran axuda á hora de pescudar se se entendeu o texto.

Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas.

É tamén recomendable ter presente sempre diferentes recursos e consellos que nos permitan unha mellora da comprensión lectora así como o fomento da lectura no ámbito educativo:

- Actualización e mellora das bibliotecas de aula en relación aos gustos e preferencias do alumnado.
- A lectura non debe converterse nunha obriga. Temos que animar a ler, pero na maioría dos casos algo polo que o alumnado sinta curiosidade e interese e polo tanto, estea motivado.
- Consolidar a hora de ler en todas as materias.
- Participar na convocatoria de clubs de lectura, estendendo a implicación do profesorado máis aló das materias lingüísticas.
- Creación e difusión de recursos didácticos que permitan unha mellora da comprensión lectora.
- A coordinación de todo o profesorado neste ámbito é algo que intentaremos alcanzar. Unificar conceptos básicos sobre o fomento da lectura, a comprensión lectora e o tratamento da lingua oral e escrita en xeral, será útil para mellorar todos eses aspectos no alumnado.

Actividades de educación documental (educación en información). Integración das TIC.

Tal e como indicamos en apartados anteriores, as TIC son instrumentos básicos para poder acceder á lectura noutro tipo de soporte que non sexa o papel, xa que non hai ningunha dúbida de que o ordenador ou aparellos informáticos son elementos que potencian, favorecen e desenvolven os procesos de ensino – aprendizaxe.

As novas tecnoloxías poden axudar a animar ao noso alumnado á lectura e descubrir libros e textos que lles resulten motivadores e interactivos.

- Fomentar a lectura de textos no ordenador, propoñendo traballos grupais na aula de informática que permitan comprobar a adquisición dos coñecementos sobre a lectura traballada.
- Lectura e interpretación das noticias de xornais e/ou revistas dixitais.
- Fomento da lectura en liña e da escoita de podcasts de contos, historias ou informativos.
- Elaboración de presentacións na aula deseñadas polo alumnado cun fin expositor. Estas exposicións precisan, en moitas ocasións, da lectura final do espectador a quen van dirixidas.
- Formación de usuarios de biblioteca, permitindo así un mellor coñecemento do funcionamento do programa Meiga, incentivando tamén o descubrimento de novas lecturas e fondos documentais.
- Recensións sobre libros lidos e que se poderán realizar no blog da biblioteca.

Implicación das familias e do entorno.

Ademais do sistema educativo, as familias son un factor primordial na formación do hábito lector do alumnado, polo que o fomento da lectura non pode quedarse só dentro do centro polo que se deberan crear espazos de comunicación e colaboración entre docentes e familias. Establécense así a continuación unha serie de actuacións e recomendacións neste ámbito:

- Favorecer tempos de lectura persoal máis aló das tarefas escolares e extraescolares. Que o alumnado vexa na casa que se len libros, periódicos, revistas... (tanto en formato papel como dixitais) é o mellor modelo que as familias poden ofrecer.
- Poñer ao alcance da rapazada todo tipo de libros, deixando que tomen as súas propias decisións, elixindo as súas lecturas e permitíndolles construír o seu propio itinerario lector.
- Fomentar o uso da biblioteca escolar e municipal, ensinándolles os recursos dos que dispón na súa localidade.
- Favorecer a realización de actividades conxuntas coa ANPA e/ou outras organizacións da contorna que fomenten o hábito lector: día do libro, xornadas de acollida, talleres, charlas, encontros con autores...

9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Como xa se ven indicando ao longo deste documento, o Proxecto Lector marca a acción educativa a medio prazo, tendo unha validez de catro anos nas súas liñas xerais, aínda que na última CCP de cada curso poderanse presentar propostas de modificación e mellora.

Os plans lectores dos departamentos, así como o Plan Anual de Lectura e de actividade de biblioteca, serán revisados e avaliados polo Claustro nas correspondentes memorias finais, permitindo a incorporación dos cambios necesarios tanto nas diferentes programacións didácticas como na Programación Xeral do Centro.

Neste ámbito, o proceso de avaliación resulta complexo, xa que as melloras que se puidesen dar non se manifestan nun curto espazo de tempo e resultará en moitas ocasións difícil detectar o nivel no que se producen as posibles carencias. Os mecanismos de avaliación serán os seguintes:

- Seguimento e valoración do interese espontáneo do alumnado pola lectura.
- Enquisas realizadas a membros dos diversos grupos da comunidade educativa. Estas enquisas valorarán a consecución dos obxectivos do plan e a realización das diversas actividades realizadas.
- Enquisas sobre os intereses lectores que permitan mellorar o desenvolvemento da hora ler.
- Realización de estatísticas de préstamos dos fondos da biblioteca.

- Estatísticas de participación do alumnado e profesorado nos clubs de lectura, aínda sendo conscientes do sacrificio que supón pois implica en moitos casos ter que renunciar ao tempo de lecer.
- Medición dos índices de lectura nas bibliotecas de aula e na biblioteca do Centro.
- Valorarase a satisfacción dos usuarios mediante suxestións, queixas, opinións... que se poderán realizar na caixa de suxestións da biblioteca destinado para tal fin.
- Valoración dos resultados das avaliacións nas áreas lingüísticas.